



**REGULAMENTO DOS TRABALLOS DE FIN DE MESTRADO NOS TÍTULOS DA FACULTADE DE ECONOMÍA E
EMPRESA DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA**

(APROBADO POLA XUNTA DE FACULTADE DO 20/12/2013)

(MODIFICADO POLA XUNTA DE FACULTADE DO 12/11/2018)

Exposición de motivos

O Real decreto 1393/2007¹ establece no artigo 15.3, situado no capítulo 4, que se dedica ás ensinanzas oficiais de mestrado, que «estas ensinanzas concluirán coa elaboración e defensa pública dun traballo de fin de mestrado, que terá entre 6 e 30 créditos», sen se recoller ningunha outra disposición sobre o proceso de elaboración e avaliación que, en consecuencia e no ejercicio da súa autonomía, deberá ser regulado por cada universidade. Para estes efectos, a normativa pola que se regulan as ensinanzas oficiais de grao e mestrado universitario na UDC² especifica o seguinte sobre a organización dos plans de estudio de mestrado no apartado 1.3 do artigo 6: «O traballo de fin de mestrado defenderase unha vez que se supere o resto dos créditos da titulación. No plan de estudos de mestrado deberá establecerse a titorización, a avaliación e os procedementos de realización do devandito traballo, sempre supervisado polas persoas responsables, ou comisión c

orrespondente se houber, do mestrado universitario. O número de créditos asignados ao traballo de fin de mestrado será como máximo de 12, excepto naqueles mestrados de carácter investigador en que será como mínimo de 12 créditos».

O Estatuto do estudante universitario³ establece no artigo 27: «Os proxectos de fin de carreira, traballos de fin de grao e mestrado, así como as teses de doutoramento, rexeranse pola súa normativa específica». Así mesmo, nas epígrafes g) e h) do artigo 9 sinálanse os dereitos

¹ Real decreto 1393/2007, de 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais (BOE n.º 260, de 30 de outubro de 2007). Modificado polo Real decreto 861/2010, de 2 de xullo (BOE n.º 161, de 3 de xullo de 2010).

² Normativa pola que se regulan as ensinanzas oficiais de grao e mestrado universitario na UDC, aprobada polo Consello de Goberno na súa sesión de 27 de xuño de 2012.

³ Real Decreto 1791/2010, de 30 de decembro, polo que se aproba o Estatuto do estudante universitario (BOE n.º 318, de 31 de decembro de 2010).



específicos dos estudiantes de mestrado en relación co traballo de fin de mestrado; e no artigo 30 o dereito á revisión das cualificacións. Neste contexto, e coa finalidade de unificar os criterios e procedementos para garantir unha actuación homoxénea á hora de planificar e avaliar os traballos de fin de mestrado (en diante TFM) da Facultade de Economía e Empresa (en diante FEE), resulta conveniente establecer as seguintes normas de carácter xeral. Isto, sen prexuízo das posibles particularidades de cada título do centro, que necesariamente deberán ser atendidas e convenientemente reguladas e publicadas como anexos a este regulamento.

1. Obxecto e ámbito de aplicación

1.1. Este regulamento contén as directrices relativas á definición, realización, defensa, cualificación e tramitación administrativa dos TFM marcados nos diferentes plans de estudos de mestrado que se imparten neste centro, de acordo coa normativa pola que se regulan as ensinanzas oficiais de grao e mestrado universitario na UDC, aprobada polo Consello de Goberno na súa sesión de 27 de xuño de 2012.

1.2. O contido deste regulamento complétase co resto de regulamentacións e procedementos da UDC que se atoparen en vigor e que se referiren, entre outros aspectos, ao sistema de avaliación, ao recoñecemento e á transferencia de créditos, así como á mobilidade de estudiantes.

2. Comisión Académica de Mestrado

2.1 A Xunta da FEE creará a Comisión Académica de Mestrados. Esta comisión asumirá as funcións de coordinación académica e será a encargada de xestionar todo o proceso relativo aos TFM e asegurar a aplicación deste regulamento.

2.2 Formarán parte da Comisión Académica de Mestrados:

- a. O/a decano/a, ou persoa na que delegue.
- b. O/a secretario/a da facultade, que actuará como secretario/a da comisión.
- c. O/a vicedecano/a con competencias en organización académica.
- d. Os/as directores/as dos departamentos con sede na FEE ou persoas en quen deleguen.
- e. Os/as coordinador/a dos mestrados da FEE.
- f. O/a coordinador/a do Plan de Acción Titorial da FEE.
- g. O/a administrador/a do centro.
- h. Un representante do estudantado na Xunta de Facultade, preferentemente matriculado nos mestrados impartidos na FEE.



2.2. Sen prexuízo doutras funcións que especificamente lle asigne a Comisión Académico Docente da FEE no tocante aos mestrados, a Comisión Académica de Mestrados será competente nas seguintes materias:

- a. Estimar anualmente o número de propostas de temas de TFM necesarios no seguinte ano académico e do reparto entre os departamentos con docencia no título.
- b. Informar o Coordinador da oferta de directores/as e temas de TFM recibida dos departamentos.
- c. Velar por que os temas de que for obxecto o TFM, tanto no seu nivel como na súa extensión e os seus obxectivos, posibiliten que o/a estudiante o realice no número de horas equivalentes aos créditos ETCS asignados a este traballo no plan de estudos, e coa duración que alí se establece.
- d. Propor unha asignación provisional de TFM e director/a aos alumnos matriculados e informar as reclamacións presentadas a esta asignación.
- e. Informar calquera solicitude de modificación de asignación de TFM.
- f. Informar as solicitudes de defensa do TFM.
- g. Publicar instrucións relativas á presentación dos TFM e á súa defensa pública.
- h. Propoñer os membros dos tribunais dos TFM e os traballos que terán que avaliar.
- i. Seleccionar os TFM que serán publicados no Repositorio Institucional da UDC (RUC).
- j. Propoñer anualmente un calendario cos prazos das diferentes fases da asignación e elaboración dos TFM.
- k. Atender calquera incidencia relativa aos TFM.
- l. Todas aquellas outras que estableza a Xunta de Facultade.

3. Natureza e características do TFM

3.1. O TFM supón a realización, por parte de cada estudiante e de forma individual, dun traballo de especialización que integre os coñecementos asimilados nas diversas disciplinas impartidas durante o mestrado. Baixo a supervisión dun ou máis directores/as, o TFM centrarase ben no desenvolvemento dunha aplicación de tipo práctico relacionada cos contidos curriculares do mestrado ou ben na realización dun traballo de investigación en materias propias dos contidos e temáticas do mestrado.

3.2. O TFM deberá estar orientado a se aplicaren as competencias asociadas ao título. En concreto, neste traballo deben desenvolverse os contidos formativos recibidos, así como as



capacidades, competencias e habilidades adquiridas durante o período de docencia do mestrado e facilitará tamén o desenvolvemento das habilidades críticas, analíticas e creativas do alumnado ao adaptar solucións e métodos estudiados na teoría a problemas reais.

3.3. O TFM pode ser defendido e avaliado unha vez se tiver constancia fidedigna de que o estudantado teña superados todos os demais créditos necesarios para a obtención do título e estar matriculado do TFM, agás cando sexa realizado dentro de programas de mobilidade, para o que disporá dunha regulamentación específica.

3.4. Aqueles alumnos que estean matriculados no TFM que estean participando nun programa de intercambio, defenderán o TFM segundo o establecido nunha regulamentación específica.

3.5. A titularidade dos dereitos de propiedade intelectual do TFM, se for o caso, corresponderá a quen o realizar segundo queda recollido no apartado h) do artigo 9 do RD 1791/2010 do 30 de decembro, polo que se aproba o Estatuto do estudiante universitario salvo que se establecer doutra maneira no documento de asignación do TFM que cada estudiante debe asinar, nos termos e coas condicións previstas na lexislación vixente.

3.6. O tema de que for obxecto o TFM, tanto no seu nivel como na súa extensión e os seus obxectivos, deberá posibilitar que o/a estudiante o realice no número de horas equivalentes aos créditos ECTS asignados a este traballo no plan de estudos, e coa duración que alí se establece. O centro, a través da subcomisión Académica de Mestrados, velará mediante os mecanismos de coordinación existentes no mestrado polo cumprimento do anterior e, en consecuencia, para alcanzar as taxas de eficiencia, éxito e graduación a que fai referencia a memoria do mestrado.

4. Dirección académica do TFM

4.1. Con carácter xeral, o TFM será dirixido por un/unha profesor/a pertencente ás áreas de coñecemento con docencia nos plans de estudos dos títulos de mestrado que se imparten na Facultade de Economía e Empresa. Non obstante, e logo da autorización da Comisión Académica do Mestrado, unha profesor doutras áreas podería dirixir un TFM sobre materias relacionadas cos contidos curriculares do mestrado. En todo caso, este profesor/a terá vinculación permanente á universidade ou contrato en vigor durante todo o curso académico para o que se oferta o TFM. Tal profesor/a será responsable de:

a) expoñerlle ao estudantado titorizado as características do traballo, e orientalo no seu desenvolvemento;



- b) realizar un seguimento da elaboración do TFM e velar polo cumprimento dos obxectivos fixados;
- c) autorizar a presentación e defensa do TFM;
- d) elaborar un informe razoado de avaliación conforme ao modelo proposto pola Comisión Académica de Mestrado.

4.2. O TFM poderá ser dirixido por máis dunha persoa. Nese caso, cando menos unha delas deberá ser un membro do profesorado pertencente aos departamentos que imparten docencia no título de mestrado en que estiver matriculado o/a estudiante.

Por outra parte, se no marco dun convenio de prácticas ou mobilidade o/a estudiante ten que desenvolver parte do TFM ou a súa totalidade noutro organismo distinto á UDC, unha das persoas que dirixa o traballo poderá pertencer a esa entidade, co fin de que colabore na definición e o desenvolvemento do TFM.

5. Matrícula, calendario académico e actas

5.1. A matrícula dos TFM realizarase dentro do prazo xeral de matrícula establecido pola UDC, ou no período de ampliación da matrícula se o/a alumno/a reúne os requisitos para poder realizar esta modalidade de matrícula, mediante o aboamento dos prezos públicos que corresponderen de acordo co número de créditos asignados ao TFM.

5.2. Poderán matricularse no TFM os/as estudiantes que se matriculen tamén en todas as demais materias que lle restan para obter o título.

5.3. O centro, atendendo a criterios de programación docente, establecerá a realización das defensas dos TFM dentro dos prazos marcados no calendario académico que aprobar o Consello de Goberno.

5.4. O peche e entrega das actas de avaliación dos TFM aterase ao previsto no calendario académico aprobado polo Consello de Goberno.

6. Oferta de temas dos TFM e asignación de direccións

6.1. A Comisión Académica de Mestrado fará unha estimación anual do número de temas de TFM que serán necesarios para a oferta do seguinte ano académico e do reparto entre os departamentos con docencia no título. O coordinador do mestrado informará a cada departamento no momento de elaboración do PDA sobre cantas destas propostas lle corresponden presentar.



6.2. Os departamentos enviarán as propostas de temas á Comisión Académica de Mestrado no prazo establecido polo coordinador.

6.3. Os temas ou as liñas dos TFM e os/as directores/as correspondentes proporanse de xeito razoado. Tal proposta será remitida ao Coordinador do mestrado desde os departamentos a que este lles fixer o encargo dos TFM. Cada proposta irá acompañada da seguinte información:

- a) Título do tema ou liña do Traballo.
- b) Director/a do Traballo.
- c) Breve descripción do contido: obxectivos e métodos.
- d) Programa do Traballo.
- e) Recomendacións (materias aprobadas, cursar determinadas materias, etc.).
- f) Posibilidade de realización en inglés (si/non).

6.4. A Comisión Académica de Mestrado informará sobre a listaxe de temas e directores/as propostos ao Coordinador, quen a publicará. A devandita listaxe garantirá un número de direccións suficiente para a totalidade dos estudiantes matriculados no TFM.

6.5. Unha vez finalizados os pasos anteriores, o estudiantado matriculado no TFM, no prazo e co modelo de impreso que o Coordinador establecer, presentará unha solicitude de asignación por orde de preferencia dun número mínimo de temas que será determinado pola Comisión Académica de Mestrado.

6.6. A Comisión Académica de Mestrado preparará unha proposta de asignación provisoria, en que intentará respectar as opcións manifestadas polo estudiantado e o profesorado implicado, baixo o principio de igualdade, mérito e capacidade. Para dirimir as prioridades na elección de tema ou dirección tomarase como criterio o expediente académico. Esta listaxe deberá ser publicada a principios do primeiro cuatrimestre.

6.7. Coa publicación da proposta provisoria establecerase un período de reclamacións. Resoltas estas, publicarase unha listaxe definitiva. Calquera modificación posterior terá que efectuarse de común acordo entre o alumnado e o profesorado afectado, e en calquera caso sempre que a Comisión Académica de Mestrado informe favorablemente.

6.8. O estudiante poderá, así mesmo, desenvolver un proxecto sobre un tema específico do seu interese. Para isto, deberá pórse directamente en contacto cun/cunha profesor/a que puidese estar interesado/a para que actúe como director/a. Neste caso, deberá solicitalo por escrito ao coordinador no prazo que se estableza e no formulario correspondente, que terá que ir asinado



polo director/a. Oída a Comisión Académica de Mestrado, o Coordinador resolverá. Os traballos asignados por este medio figurarán na listaxe á que fai referencia o punto 6.7.

Os traballos asignados por esta vía non computarán a efectos do reparto establecido polo departamento.

6.9. Para o alumnado que se matricula no período de ampliación da matrícula, deberá abrirse un novo prazo de asignación de trabalho e director/a que deberá estar rematado a principios do segundo cuatrimestre.

6.10. Aínda que o TFM está asignado ao segundo cuatrimestre, se a superación deste trabalho supón o remate dos estudos, o alumnado poderá defendelo no período establecido para a primeira oportunidade do primeiro cuatrimestre e, de ser o caso, na oportunidade de xullo. Para isto o alumnado deberá fazer a correspondente solicitude, avalada polo/a director/a, ante o coordinador que será quen resolverá.

6.11. No caso de non terse defendida o TFM no correspondente curso académico, o alumno poderá solicitar por unha soa vez a prórroga da asignación de tema e director/a. A solicitude estará asinada polo director/a.

6.12. Con antelación suficiente a FEE establecerá un calendario para as diferentes fases deste procedemento de asignación.

7. Características dos traballos

7.1. O trabalho desenvolvido amosará as tarefas desenvolvidas polo estudiante. A Comisión Académica de Mestrado da FEE poderá establecer unha extensión e un formato común para todos ou algúns dos elementos do trabalho, particularmente, portada e primeira folla.

7.2. Como norma xeral o trabalho incorporará, polo menos, os seguintes apartados:

Primeira páxina, na que figurará o título completo, o parágrafo “trabajo de fin de mestrado presentado na FEE da UDC para a obtención do mestrado en [mestrado correspondente]”, curso académico de presentación, nome do estudiante, nome(s) do(s) director(es).

Título completo en galego, español e inglés.

Breve resumo na lingua usada e en inglés (de estar redactado en inglés, nalgúnha das linguas oficiais de Galicia).

Palabras chave.

Índice de contidos e táboas.

Conclusiós.



Bibliografía empregada para a realización do traballo.

8. Presentación e defensa dos TFM

8.1. A FEE aprobará e publicará, xunto coas datas oficiais de exames de cada curso académico, os períodos de presentación dos TFM.

8.2. Na oportunidade pertinente o/a estudiante presentará unha solicitude de defensa e avaliación do TFM, segundo o modelo de impreso que o centro establecer e no prazo que se fará público para estes efectos. Coa solicitude entregaranse na administración do centro a versión escrita do traballo por triplicado, a versión electrónica en pdf e a autorización do/a director/a para que o TFM poida ser defendido e cantes documentos estimar necesarios a comisión encargada. Rematado o prazo de solicitudes, a Administración do Centro entregará a documentación que proceda ao secretario/a do tribunal de avaliación quen deberá facer chegar unha copia do traballo, a cada un dos membros deste.

8.3. O estudiantado defenderá os seus TFM pública e presencialmente. No caso de que o/a estudiante solicite de forma motivada e acreditada defender o TFM de forma non-presencial, cumplirá que o faga ante a Comisión de Plans de Estudo, delegada do Consello de Goberno, para que a autorice ou non. Isto sempre de se daren as condicións legais, técnicas, administrativas e económicas que o permitiren.

8.4. A realización, presentación e defensa dos TFM poderán efectuarse en calquera dos idiomas empregados na impartición do mestrado, de acordo co disposto na memoria de verificación do título.

8.5. Cada estudiante disporá dun tempo máximo para a defensa do TFM. Neste tempo deberá expoñer os obxectivos, a metodoloxía, o contido e as conclusíons do seu traballo. Con posterioridade terá que atender as preguntas, as aclaracións, os comentarios e as suxestións que puideren formularlle os membros do tribunal de avaliación.

8.6. A Comisión Académica de Mestrado publicará instrucións relativas á presentación dos TFM e á súa defensa pública.

9. Tribunais de avaliación

9.1. Os tribunais de avaliación configuraranse da forma que establecer a Comisión Académica de Mestrado, segundo o número de alumnos matriculados e a temática dos diferentes TFM que se presentaren.



9.2. Cada tribunal estará formado por 3 profesores/as e outros tantos suplentes. Todos eles deberán ter docencia no mestrado no curso actual ou en cursos anteriores. O/a titor/a do TFM non poderá formar parte do tribunal. Presidirá o/a profesor/a de maior categoría académica e antigüidade e actuará como secretario o de menor categoría académica e antigüidade.

9.3. Unha vez constituídos os tribunais de avaliación, estes, de acordo co centro, establecerán a orde de exposición dos estudiantes no caso de seren varios, así como o día, a hora e o lugar de realización das defensas dos TFM. Realizarase a adecuada comunicación destes datos a todo o estudiantado e profesorado afectado.

10. Avaliación e cualificación

10.1. Unha vez realizada a exposición do/a estudiante, o tribunal deliberará sobre a cualificación que lle corresponde, tendo en conta o informe do titor. Os criterios faranse públicos antes das defensas dos TFM. Para a cualificación final establecerase a media aritmética das cualificacións asignadas ao TFM por cada un dos membros do tribunal.

10.2. Os membros do tribunal realizarán un informe, conforme ao modelo que se elaborará para estes efectos, no que se avaliarán de 0 a 10 os seguintes aspectos:

- a) Valoración do traballo: fundamentos teóricos, metodoloxía, análise de resultados, conclusión e redacción.
- b) Defensa do traballo (exposición oral): axudas visuais, orde lóxica na exposición dos temas, habilidades oratorias, solvencia na contestación das preguntas.

10.3. A cualificación final outorgada por cada membro do tribunal ao TFM obterase de acordo coa seguinte ponderación:

- a) Valoración do TFM (VT): 50%
- b) Defensa do traballo (DT): 50%

A cualificación final do traballo por cada membro do tribunal será, por tanto, $0,5 \cdot VT + 0,5 \cdot DT$, indicada cunha cifra decimal. As pautas para a avaliación do TFM polo tribunal figuran no Anexo a este Regulamento.

10.4. A cualificación final do TFM obterase como media aritmética, indicada cunha cifra decimal, das cualificacións outorgadas por cada membro do tribunal. Deberá engadírselle a correspondente cualificación cualitativa:

- a) 0-4,9 suspenso
- b) 5,0-6,9 aprobado
- c) 7,0-8,9 notable



d) 9,0-10 sobresaliente

10.5. Accederá á mención de matrícula de honra, se así o decide por unanimidade o tribunal avaliador, o estudiantado que obtiver unha cualificación igual ou superior a 9 puntos.

10.6. No caso de o/a estudiante obter a cualificación de suspenso, o tribunal faralle chegar un informe coas recomendacións oportunas para a mellora do traballo e a súa posterior avaliación.

Enviaráselle(s) unha copia deste informe á(s) persoas que dirixiron o TFM.

10.7. A revisión e/ou reclamación das cualificacións finais dos TFM levaranse a cabo de conformidade co previsto na normativa da UDC.

11. Consulta e publicación dos TFM

11.1. A Comisión Académica de Mestrado seleccionará os traballos que serán publicados no Repositorio Institucional da UDC (RUC). Para isto, a administración do centro enviará unha copia en formato electrónico ao Servizo de Biblioteca.

11.2. En caso de que o(s) autor(es) do TFM non autorice(n) o depósito e a publicación deste no RUC, por razóns de confidencialidade entre outras, deberá(n) solicitalo previamente ante a Comisión Académica de Mestrado, que resolverá en cada caso.

12. Disposición derogatoria

Quedan derogada toda a normativa anterior sobre TFM e nomeadamente a que se opoña nos seus contidos ao presente regulamento.

11. Disposición final

Este regulamento entrará en vigor no curso 2014/2015.

Anexo: Pautas para a avaliación do TFM polo tribunal⁴

Valoración do TFM (VT)

- Estrutura, aspectos formais e redacción (30%)
- Contido e conclusións (70%)

Defensa do traballo (DT)

- Exposición, síntese e presentación (50%)
- Resposta ás preguntas do Tribunal (50%)

A cualificación final do TFM será $0,5 \cdot VT + 0,5 \cdot DT$, indicada cunha cifra decimal.

⁴ Modificado pola Xunta de Facultado o 12/11/2018.

